

GREGO II

OPCIÓN A: XENOFONTE

I.- TRADUCIÓN (Puntuación máxima: sete puntos)

CIRO RODEA BABILONIA, PERO DESPOIS PREPARA A RETIRADA DO EXÉRCITO

Ἐπεὶ δὲ πρὸς Βαβυλῶνι ἦν ὁ Κῦρος, περιέστησε μὲν πᾶν τὸ στράτευμα περὶ τὴν πόλιν, ἔπειτα αὐτὸς περιήλαυε τὴν πόλιν. ἐπεὶ δὲ κατεθεάσατο τὰ τεῖχη, ἀπάγειν παρεσκευάσατο τὴν στρατιὰν ἀπὸ τῆς πόλεως·

NOTAS. 1. Βαβυλῶν, -ῶνος, Babilonia. 2. Κῦρος, -ου Ciro. 3. αὐτὸς “el mesmo”, refírese a Ciro.

II.- PREGUNTAS (Puntuación máxima: tres puntos)

a) Contestar DÚAS destas catro PREGUNTAS

1. Análise morfolóxica de περιέστησε.
2. Análise sintáctica de ἀπάγειν παρεσκευάσατο τὴν στρατιὰν ἀπὸ τῆς πόλεως.
3. Obras de Xenofonte.
4. Cite e explique algúns exemplos de vocabulario actual relacionados con πόλις, “cidade”, e con πᾶς, πᾶσα, πᾶν “todo”.

b) Contestar obrigatoriamente UNHA destas dúas PREGUNTAS:

1. ¿Cales son os temas fundamentais da Lírica Arcaica grega?
2. Características do heroe homérico.

OPCIÓN B: PLATÓN

I.- TRADUCIÓN (Puntuación máxima: sete puntos)

EFFECTOS DA PALABRA DE SÓCRATES NOS SEUS OÍNTES.

ὅταν γὰρ ἀκούω Σωκράτους, πολὺ μοι μᾶλλον ἢ τῶν Κορυβάντων ἢ τε καρδία πηδᾶ καὶ δάκρυα ἐκχεῖται ὑπὸ τῶν λόγων τῶν τούτου, ὁρῶ δ’ ἄλλους παμπόλλους τὰ αὐτὰ πάσχοντας.

Notas. 1. Σωκράτους xenitivo, réxime de ἀκούω. 2. Σωκράτης, Σωκράτους, Sócrates, filósofo. 3. Κορύβας, Κορύβαντος, os *coribantes*, sacerdotes de Cibeles, con ritos orxiásticos. 4. ὑπὸ “a causa de”, “por efecto de”. 5. πάσχοντας completiva de participio dependente de ὁρῶ.

II.- PREGUNTAS (Puntuación máxima: tres puntos)

a) Contestar DÚAS destas catro PREGUNTAS

1. Análise morfolóxica de πηδᾶ e de ἐκχεῖται.
2. Liñas principais do ensino de Sócrates.
3. Análise sintáctica de ἢ τε καρδία πηδᾶ καὶ δάκρυα ἐκχεῖται ὑπὸ τῶν λόγων τῶν τούτου.
4. Cite e explique algúns exemplos de vocabulario actual relacionados con ἀκούω, “oír, escoitar” e con καρδία “corazón”.

b) Contestar obrigatoriamente UNHA destas dúas PREGUNTAS:

1. ¿Cales son os temas fundamentais da Lírica Arcaica grega?
2. Características do heroe homérico.

GREGO II

OPCIÓN 1: XENOFONTE

I.- TRADUCIÓN (Puntuación máxima: sete puntos)

COMBATE NAVAL ENTRE ATENIENSES E LACEDEMONIOS.

Ἐκ τούτου δ' ἐναυμάχησαν οἱ μὲν Λακεδαιμόνιοι ἐν τάξει, οἱ δὲ Ἀθηναῖοι διεσπαρμέναις ταῖς ναυσί, μέχρι οὗ ἔφυγον ἀπολέσαντες πεντεκαίδεκα τριήρεις. Τῶν δὲ ἀνδρῶν οἱ μὲν πλεῖστοι ἐξέφυγον, οἱ δ' ἐζωγρήθησαν.

NOTAS.- 1. Ἐκ τούτου con valor temporal.

II.- PREGUNTAS (Puntuación máxima: tres puntos)

a) Contestar dúas destas tres PREGUNTAS

1. Análise sintáctica de Ἐκ τούτου δ' ἐναυμάχησαν οἱ μὲν Λακεδαιμόνιοι ἐν τάξει
2. Analice morfoloxicamente ἐναυμάχησαν e διεσπαρμέναις.
3. ¿De que conflicto e con que desenlace se ocupa Xenofonte?
4. Cite e explique algúns exemplos de vocabulario actual relacionado con ἀνήρ, ἀνδρός 'varón' e con ναῦς 'nave'.

b) Contestar obrigatoriamente UNHA destas dúas PREGUNTAS:

1. O heroe homérico: liñas principais da súa acción e personalidade.
2. Liñas básicas do mito de Edipo e o seu significado trágico.

OPCIÓN 2: PLATÓN

I.- TRADUCIÓN (Puntuación máxima: sete puntos)

INCONVENIENTES DO AMOR PROPIO

Πάντων δὲ μέγιστον κακῶν ἀνθρώποις τοῖς πολλοῖς ἔμφυτον ἐν ταῖς ψυχαῖς ἐστίν, οὗ πάντες ἀποφυγὴν οὐδεμίαν μηχανῶνται· τούτου δὲ κακοῦ ἕνεκα πᾶς ἄνθρωπος φύσει ἐστίν φίλος αὐτῷ.

NOTAS. 1. O relativo οὗ ten como antecedente μέγιστον (πάντων κακῶν). 2. αὐτῷ é pronome reflexivo, "de si mesmo": nótese o seu espírito áspero.

II.- PREGUNTAS (Puntuación máxima: tres puntos)

a) Contestar DÚAS destas catro PREGUNTAS

1. Análise sintáctica de οὗ πάντες ἀποφυγὴν οὐδεμίαν μηχανῶνται.
2. Analice morfoloxicamente μέγιστον e μηχανῶνται.
3. A Atenas do s. V a.C.: liñas principais da súa política.
4. Cite e explique algúns exemplos de vocabulario actual relacionados con ψυχή "alma" e con πολὺς, "moito".

b) Contestar obrigatoriamente UNHA destas dúas PREGUNTAS:

1. O heroe homérico: liñas principais da súa acción e personalidade.
2. Liñas básicas do mito de Edipo e o seu significado trágico.

Criterios de Avaliación / Corrección

CONVOCATORIAS DE XUÑO E SETEMBRO

De acordo co programa vixente, o labor de tradución e de coñecemento práctico da lingua grega considárase básico e non substituíble por ningúna outro labor de estudos literarios, lingüísticos, histórico-culturais etc. En consecuencia, dos DEZ (10) puntos posibles reservaranse **SETE (7)** para a cualificación da tradución; as respostas ao temario contribuirán á cualificación final cun máximo de **DOUS (2)** puntos; a pregunta sobre a lectura de obras literarias cualificarase como máximo con **UN (1)** punto.

Na **TRADUCIÓN** consideraranse faltas os erros cometidos tanto na interpretación gramatical (morfoloxía e sintaxe) coma na léxica (erro na consulta do dicionario). Valorarase positivamente a corrección e soltura sintáctica da tradución.

Nas **PREGUNTAS** valorarase tanto o contido –cantidade e calidade de coñecementos- coma o xeito en que son expostos -corrección e soltura léxica, sintáctica, ortográfica etc.

Lémbrese tamén que en ningún caso será válido que o alumnado traduza o texto dunha opción e responda ás preguntas da outra opción.

É evidente que un exame en branco será cualificado con **CERO (0)** puntos.